



O presidente da Xunta de Galiza, o señor Núñez Feijóo volve mostrar un total desprezo polas traballadoras e a súa representación sindical

Creación de postos de traballo coa OPE 2020: CERO

A CIG Enseño fará unha valoración máis pormenorizada desta oferta o día que se presente na mesa sectorial pero adianta que esta oferta **non crea un só posto de traballo e que é un ataque directo ás traballadoras do ensino público galego** apoiado no acordo coas organizacións sindicais estatais. Cabe recordar que por segundo ano consecutivo nos orzamentos da Xunta de Galiza aparece reducido o número de docentes, e que con esta convocatoria non se dá un xiro a esta situación.

O anuncio faise sen antes atender a demanda da CIG Enseño de facer un estudo das xubilacións posíbeis nos próximos anos, así como a incidencia da convocatoria das oposicións para o persoal interino, xa que non podemos esquecer que **é o Partido Popular quen durante décadas decidiu non convocar especialidades das que agora presume convocar** obviando que detrás destas prazas hai compañeiras e compañeiros que ven en perigo o seu sustento económico despois de que durante anos se lles negase o acceso á función pública.

Só 2.036 prazas de oposición libre

Como se pode ver nas gráficas, **do total de prazas 1.300 son do concurso de cátedras e 318 de promoción interna.**

As **1.300 prazas do concurso de cátedras non supoñen que haxa novo profesorado que acceda á función pública**, senón que compañeiras do corpo A1 verán aumentados os seus emolumentos a través dun concurso.

E canto ás **318 de promoción interna**, convocatoria tras convocatoria vimos denunciando que quedan desertas na súa maioría.

Cunha sinxela operación chegamos a que só se convocan **2.036 prazas que non crean un só posto de traballo, senón que son prazas ocupadas por persoal interino.**

OPE DE INGRESO	
CORPOS	PAZAS
MESTRAS	747
PES	781
PTFP	363
EOI	30
MÚSICA E AA.EE.	85
AA.PP. E DESEÑO	30
TOTAL	2.036

PROMOCIÓN INTERNA (A2/A1)	
CORPOS	PRAZAS
PES	260
EOI	38
AA.PP. E DESEÑO	10
INSPECCIÓN	10
TOTAL	318

Este persoal verá o seu posto de traballo en perigo por un afán electoralista de convocar oposicións sen facer a máis mínima análise da situación do ensino público galego e despois de levar anos bloqueando o acceso á función pública deste colectivo.

A volta ás 18 e ás 21 horas podería paliar a perda de postos de traballo do persoal interino

Ante este desprezo unha vez máis da administración pola negociación coas organizacións sindicais chamamos ao profesorado galego a sumarse masivamente á folga convocada para o día 12 de decembro. A recuperación do noso horario lectivo anterior aos recortes permitiríanos tamén paliar a potencial perda de postos de traballo do persoal interino que non aprobe as oposicións, porque a volta ás 18 horas suporía arredor de 1.200 novas prazas en secundaria, ademais da redución das afíns. Así pois, este é un motivo máis para irmos á folga e para plantarlle cara a un goberno que nos despreza continuamente.

CONCURSO DE ACCESO A CÁTEDRAS	
CORPOS	PRAZAS
PES	1.232
EOI	50
AA.PP. E DESEÑO	18
TOTAL	1.300

**Son horas
Son dereitos**
FOLGA 12DEC

**Manifestación Nacional en
Santiago de Compostela
Praza Cervantes 12:00 h**

18 21

#18e21horas

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal